



A COMARCA DE DEZA TEN UNHA EMPRESA POR CADA QUINCE HABITANTES

Así o recolle a revista da AED, no seu número cero

Lalín, 12 de decembro de 2006.

A Comarca de Deza conta cunha empresa por cada quince habitantes, así se recolle no informe da Confederación de Empresarios de Pontevedra, con datos do Instituto Galego de Estadística.

Esta información é unha das que recolle o número cero da publicación ACTUALIDADE EMPRESARIAL DEZA, que a partir de hoxe comezará a chegar ás empresas e institucións da comarca. A publicación está editada pola AED e forma parte dun conxunto de accións que tentan mellora-la comunicación cos asociados pero tamén co conxunto da cidadanía e colectivos económicos de Deza.

Neste número cero, ademáis dos asuntos citados e información de actualidade, achégase ós asoacidos información completa sobre axudas, subvencións, incentivos empresariais, etc...

Actualidade Empresarial de Deza terá inicialmente unha periodicidade bimestral, contará con, entre 16 e 24 páxinas (segundo as necesidades informativas das datas nas que se publique) e tentará resumir (sen saturación ou exceso de datos) os aspectos máis relevantes no eido da empresa e a economía da comarca e da Asociación, nos períodos comprendidos entre a saída de cada número.

Neste número cero (o 1 sairá á rúa nos primeiros días de xaneiro, e así sucesivamente os meses impares) recóllense amáis as principais novas dos últimos meses, información sobre a campaña de promoción turístico e comercial da comarca e a presentación da nova imaxe visual e corporativa ós asociados.

Saúdos. **OFICINA DE COMUNICACIÓN AED**